

A ruta del estraperlo

(A Veiga - Abres - A Veiga)



↓ Rafael Cascudo Noceda

Empezamos y acabamos esta ruta na capital del conceyo del mesmo nome, A Veiga, y nún dos sous puntos máis emblemáticos, el Parque del Medal, coa estatua en bronce da Venus Algálica feita pol escultor César Montaña en honor a Álvaro Fernández Suárez. Un parque feito entre el Río Suarón, el ilesia parroquial del s. XIX, a Casa de Villamil, agora Casa da Cultura y Biblioteca veigueña, y el edificio del Conceyo, tamén del siglo XIX.

Hemos empezar a andar, polo tanto, nel corazón hestórico d'esta vila y, despós de cruzar a carretera xeneral y el Río Monxardín, hemos subir pol barrio de Ferreira a buscar dende el alto d'estas terras el camín a Miou. Un camín que vai entre calitros y qu'ha levarnos hasta el sur de Miou, un poblo da parroquia da Veiga que s'asenta núa especie de planicie a 40 metros d'altura y a menos d'un kilómetro d'El Fondrigo, xa na capital del conceyo. Hemos tar entoncias nun lugar d'espléndidas vistas hacia el tramo final da Ría del Eo.

Por Miou pasaba a ruta costeira del camín de Santiago y el camín dos Arrieiros, importante vía de comunicación y d'intercambio a lo longo de toda a Edá Moderna. Del cemento das caleyas de Miou hemos dar nun camín de piso de terra que vai ir encaleyuao entre árboles diferentes, entre os qu'abundan sobremanera os dichosos calitros. Pola derecha hemos levar a conquía que taya El Rego de

Louteiro y pola esquerda un noiro que nos separa del monte. Condo pasemos al depósito del augua, hemos seguir de frente y nel cruce de despós hemos fer lo mesmo, meténdonos entre calitros y algún prao. Lougo, hemos atopar a señalización del camín de Santiago que nos ha baxar hasta El Rego de Louteiro, qu'hemos ter que cruzar por derriba das pedras. É un regueiro con pouca augua que busca celergoso os fondos por unde discurre el Eo, al que ye ha ir levar servicial todo el sou caudal d'augua.

Pasao el rego hemos seguir pol camín principal que piya en subida, levando os praos costados pola esquerda y el noiro pola dereta. A subida cruza por entre un monte misto con calitros, pinos, castañeiros y algúa bidureira; y al chegar al pico da costa hemos dar núa pista máis ancha que cruza perpendicularmente. Desque tamos nel pico hemos pañar á derecha hasta chegar á estreta carretera que xunta Abres con Bustelo. Nese momento hemos tar na máxima altura del circuito preparao pra hoi, a us 250 metros d'altitú.

Pola carretera hemos baxar hacia a esquerda, pañando dirección a Abres y condó os calitros arralen algo hemos poder ver el vale del Eo pola dereta del noso andar. Enseguida hemos chegar ás primeiras casas d'Abres y dende ese punto hemos poder ver con claridá el vale del Eo, parte del caseirío d'Abres, os poblíos galegos del conceyo de Trabada: Vilarbetote, A Retorta, O Follabal, Pacios, Pedrido, A Boca de Canle y el alma xemelga galega d'Abres, ou

A ruta del estraperlo (A Veiga - Abres - A Veiga)

seña, A Ría de Abres. Pola dereta han asomar aló enriba as casas colgadas del arreboladoiro que pertenecen al caseirío de Bustelo, que deixamos ás nosas costas.

El siguiente punto importante da ruta d'hoi ha ser el Palacio do Pibidal, *pacio* ou casa solarega que ten úa portada barroca datada en 1647 con un escudo coas armas dos Osorio, Moscoso, Miranda y Castrillón. Atópase este palacio nun outeiro con vistas de privilexo sobre el vale fondo nel que tán todos os barrios d'Abres. É úa casúa soberbia con un corpo central composto por dúas prantas y úa torre de tres pisos nún dos extremos. Dispón d'úa preciosa capiya qu'aveira úa virxe preñada dentro da que se pode ver el neno y datada entre os siglos XVI y XVII. A esta virxe conócenla como a Virxe da O, d'advocación mui xoncida al Camín de Santiago. Todo el recinto ta arrodado d'úa gran finca protexida del exterior por úa parede de pedra.


Deixamos el barrio do Pibidal y, en vez de seguir hacia el ilesia parroquial de Santiago, hemos coyer pola carretera que vai a Guiar subindo hasta Refoxos, poble da parroquia d'Abres que ta situado núa pequena planicie a 80 metros d'altitú y a 7 kilómetros da Veiga.



Delante del Palacio do Pibidal

Nas últimas casas de Refoxos hemos deixar a carretera y pola dereta hemos baxar en dirección á Ferraría, un caseirío situao na mesma veira del Eo, xusto por cerca d'unde os regos da Ferraría y Ouria ye verquen a súa augua al Eo, na fronteira entre os conceyos de San Tiso d'Abres y A Veiga. Hemos deixar el camín da Ferraría antias de chegar al caseirío y hemos pañar hacia A Abraira buscando as veiras del Eo. A partir d'aquí el Eo vai ser el protagonista principal da ruta y das vistas durante lo que queda de recorrido. Por undequera hemos ver achegarse regueiros que saltan os noiros y buscan cobiciosos el río.

Hemos andar agora pola veira dereta d'este río fronteirizo y máxico, y el augua, as xungueiras, os praos, as arboledas de ribeira y as marcas dos rebores del río han ser el centro das nosas oyudas. El Eo, río que baxa dende Fonteó, nel vale de Pedrón en Lugo, despós de pasar por O Chao, capital de San



Tiso d'Abres, achégase hasta el poble veigueño d'Abres y faise navegable primeiro y lougo, dende A Veiga, construye úa espaciosa ría separando Asturias de Galicia y desembocando al final del sou recorrido nel Mar Cantábrico. Un río Eo, de sonoro y personal nome, al que se ye conoceron nos escritos outros máis antigos como Iuve (755), Euve ou Heuve (878) y Ove. Eo, fronteira natural entre dúas comunidades ermás, però fronteira pouco agresiva xa qu'os ciudadanos d'ún y outro lao tamos acostumbraos a vivir, a ver y a sentirnos ermanaos; iguales, però al tempo diferentes, que se dan a mao por derriba del río, tendendo pontes de todo tipo, pra xuntar lo pouco que nos separa.

Úa pista de cemento hanos levar hasta a presa qu'almacena augua pra os molíos y qu'ha querer separarnos del río meténdose pol medio, como ese pequeno qu'asoma a cabeza y tenta de separar a os padres qu'andan abrazaos. Y pol estreto camín de cemento hemos chegar a Abres, poble y parroquia da Veiga. Como parroquia ta baxo a advocación de Santiago Apostol y ten úa extensión de 10 km², dispoñendo de dous núcleos de población: Abres y Refoxos. Ta situada nel cuadrante noroccidental del conceyo y na marxe dereta del Río Eo, río que separa el conceyo asturiano da Veiga del conceyo lugués de Trabada.

Abres ta a 5,6 km da capital municipal y a 70 metros d'altura. Ta dispostu en barrios ou caseiríos de casas apeteiradas en diferentes escalóis que



RAFAEL CASQUIDO

Un señal del Camín de Santiago na ruta

baxan d'altura camín das veigas del río: barrios como As Aceñas, A Cruza, A Abraira, O Molín, A Antigua, Grandamiá, Guiar, O Pibidal, A Ponte, A Rúa...

Abres ten el linaxe de ser el última localidá y parada d'Asturias nel Camín de Santiago, que lougo se metía en Galicia cruzando pola Ponte Vella (documentada na época baxomedieval) y agora desaparecida. Hoi en día inda existe a presa que se fixo al lao y el embalsamento das auguas deu lugar a un pozo d'úa gran riqueza pesqueira y qu'a lo longo dos últimos anos foi un cobicio coto de salmóis. A Ponte Vella deu lugar a un barrio, el da Ponte, y a úa capiyía adosada al muro da casa do Xanelo, situada nel camín que levaba á ponte. Nesa capiyía hai el imaxe d'un Cristo crucifiaico del siglo XVII conocido por Abres como O Cristo da Ponte.

Abres ten úa hestoria lamar de xoncida a os camíos, porque sempre foi un cruce de muios: el camín de Santiago, el camín dos Arrieiros, y el río, que foi dende mui antiguo un camín d'augua pol que chegaban as mercancías en chalanas ou, se non, a bordo do Barco da Ponte, un pequeno veleiro que trasportóu mercancías hasta el ano 1903, ano condo s'inaguróu el ferrocarril mineiro de Vilaoudriz a Ribadeo.

En Abres, terra necesitada de pontes, ergueron en 1892 a Ponte do Fornacho y fixéronla en madeira; anos máis tarde, en 1928, reconstruíronla en cemento. A súa ilesia parroquial, dedicada a Santiago Apostol, é d'estilo barroco, con retablos de finales del XVII. Abres y a súa parroquia, na súa relación estreta col Camín de Santiago, foi asilo y hospital de pelegríos. Esa mistura d'Abres y el camín de Santiago queda ben clara coa existencia d'un mesón na Sela de Murias y col feito de qu'os romeiros que pasaban por Abres debían pasar baxo el arco de canteiría da Casa da Rúa.

Hemos pasar Abres pola parte baxa deixando á esquerda a Ponte do Fornacho y el Río Eo. Hemos salir d'Abres por úa senda en chao, que primeiro é cemento y lougo terra. El Eo fai por aquí úa veiga chía de pequenos praos mui verdes.

El punto siguiente nel noso recorrido achegao al río ha ser O Canaval, un recanto escondido núa das voltas que tayóu el Eo, que s'achega hasta a casa alí situada, silencioso y tranquilo. A casa y a finca arrodada d'árboles chuchan el meandro que fai el río nese precioso requeixo. Hemos deixar O Canaval por un camín de pedra en chao, levando el monte pola dereta y el vale del río pola esquerda. Un pouco despós hemos comprobar cómo el camín empeza a picar hacia arriba mui suavemente y el río vai quedando nun escalón inferior. El camín ha ir separándose del río y dende el alto hemos poder ver cómo



ASTUR PAREDES

El barrio do Pibidal na parroquia de Abres (A Veiga)

el Eo baxa suave, fendo meandros longos, como si esquiase lentamente sobre neve líquida, lo que ha fer qu'úas veces quede lonxe y outras achegadín al camín. Andando calmados pola serena presencia del río hemos atoparnos enseguida col poble de Louteiro.



RAFAEL CASQUIDO

Baxando camín d'Abres

Louteiro é un poblín situao na parte norte da parroquia y a 67 metros d'altitú. Aséntase núa terra que xa deixa sentir a influencia da rasa qu'empieza a definir a Ría del Eo. Hemos tar a 2,4 km da capital del conceyo y nún dos puntos de paso da ruta xacobeana nel sou itinerario costeiro; úa ruta que lougo de pasar polos barrios veigueños d'A Galea, A Abreira, El Palacio, A Cal y Ferreira, salta a os poblos de Miou, Louteiro, A Sela de Murias y Abres.

Al igual qu'Abres, Louteiro é punto de paso d'un importante camín aló polos siglos XVII, XVIII y XIX: el camín dos Arrieiros. Hemos atopar en Louteiro úa ermita dedicada á Virxe dos Remedios, capiya de pranta rectangular con porta hacia el oeste, campanario sin campá y que ta empiriquitada na veira da carretera local. Por certo, el imaxe da virxe ten pelo natural. Anque de fábrica aparentemente moderna, ben podería datarse nos siglos XVII ou XVIII. Però Louteiro ten outro feito que nos corrobora a súa importancia na ruta xacobeana y é un Peto d'Ánimas, construción mui típica nel camín de Santiago y que por alí ye chaman As Ánimas de Louteiro.

Louteiro vén ser el punto de partida y al tempo el acabo del circuito que ye dá título a esta ruta, a Ruta del Estraperlo: Louteiro - O Pibidal - Abres - Louteiro. Úa ruta d'us 8 kilómetros de fácil perfil que nosou-tros fixemos máis longa, recorrendo tamén as terras de Miou y A Veiga.

Hemos deixar Louteiro y, pola carretera local que vai en dirección da capital del conceyo, hemos dar, outra vez, nel Rego de Louteiro, que cruzáramos

máis pr'arriba al empezo da ruta. Por alí hemos atopar loureiros, un monte de ribeira pol fondal y polas veiras del río, y muitos calitros polas ladeiras costeadas. Dende el río y pola mesma carretera hemos subir hasta Miou. Durante a subida y pola esquerda hemos poder observar lamar de praos y eiros con árboles frutales que tein el tronco enredao con lá d'oveya y que según nos contaron vale pra que nun ye suban por él as fornigas. Tamén hemos poder ver muitas botellas y frascos chíos d'augua pra lutar escontra as xeladas.

Enseguida hemos dar de novo en Miou, anque agora pola parte norte del poble, y d'ese xeito hemos poder contemplar por completo el sou caseirío. De Miou hemos baxar hasta El Fondrigo, entrando de novo na vila capital del conceyo da Veiga, antias chamao oficialmente Vega de Ribadeo. El conceyo da Veiga ten us 82 km² y seis parroquias: A Veiga, Piantón, Abres, Meredo, Paramios y Guiar. Hestóricamente, condo Castropol era capital da Terra de Ribadeo, entre os ríos Eo y Navia, a Veiga de Ribadeo era ún dos partidos nos que se dividía ese gran conceyo y tía a súa capital en Piantón. Però en 1836 crearon el conceyo da Veiga de Ribadeo, féndolo independente de Castropol. Primeiro a capital siguiú tando en Piantón, però en 1851 trasladáronla hasta unde ta hoi. Dende entoncias A Veiga ha ser vila y capital del conceyo del mesmo nome y nesta vila hemos empezar y acabar úa ruta de camiós veyos cargaos d'historias y lendas. 